

IES Félix Muriel



INFORME FINAL POLOS CREATIVOS CURSO 24-25

ÍNDICE:

- 1- INTRODUCCIÓN.
- 2- OBXECTIVOS
- 3- TEMPORALIZACIÓN
- 4- ACTIVIDADES
- 5- AVALIACIÓN
- 6- A SEMANA DA DIVERSIDADE NA PRENSA
- 7- CONCLUSIÓN
- 8- PROPOSTAS DE MELLORA



1. **Introdución:**

O 2024-2025 supuxo o 3º curso cos Polos Creativos en funcionamento. Este ano o proxecto deu un paso máis na súa integración dentro das estratexias xerais de centro así como das accións de ensino aprendizaxe. A formación do profesorado, a participación en proxectos novos como a colaboración con proxectos de traxectoria no centro e un maior e mellor aproveitamento e emprego dos seus recursos por parte da comunidade educativa foron e seguirá sendo o fío condutor dos polos. Neste sentido cabe engadir a mellora dos espazos, a ampliación dos mesmos (aula Muriel Xoga) como de equipamento, enviado pola consellería como o adquirido polo centro a través do financiamento en diferentes proxectos como o Probleu.

2. **Obxectivos:**

Os obxectivos de Polos Creativos manteñen a liña trazada dende a súa instalación no centro

- Formación do profesorado nos recursos de Polos Creativos desenvolvido a través dos plans de formación de centro.
 - Pfpp S2406039 PFPP S2431024 Os Polos creativos melloran a cultura STEM do centro.
 - Pfpp S2406038 PFPP S2431024 A Intelixencia Artificial aplicada ao ensino.
- Mellora e adecuación dos espazos: aula Polos e Estudio Polos (radio, vídeo e fotografía). Este ano ampliado co espazo Muriel Xoga.
- Aumento do aproveitamento dos espazos e recursos por parte da comunidade educativa a través de proxectos de centro, propostas interdisciplinares ou de materia ou iniciativas individuais de profesorado e alumnado.
- Diversificación de estratexias metodolóxicas a través da participación en proxectos integrados nos currículos e programacións das materias como por exemplo ca participación no proxecto Probleu dentro da rede europea de escolas azuis.

Externalización do traballo do centro a través da colaboración con outros centros educativos, entidades ou institucións.

3. Temporalización:

O desenvolvemento das propostas e accións a través de Polos Creativos contéplanse para todo o curso e intégranse nas diferentes programacións didácticas.

Con todo, como aspectos máis relevantes na temporalización podemos sinalar. As actividades dende os departamentos de Física e Química, Lingua Galega, Matemáticas, Tecnoloxía e Xeografía e Historia e Tecnoloxía se desenvolveron durante todo o curso sendo na súa maioría actividades avaliáveis e incluídas nos currículos como nas programacións

didácticas.

Entre as actividades programadas máis relevantes queremos reseñar as seguintes:

1. Intercambio con Xinzo de Limia IES Lagoa de Antela, proxecto Probleu, **maio e xuño 2024**. Convivencia e intercambio de experiencias entre as comunidades educativas
2. Xornada de convivencia [Fervedoiro na praia I](#), **23 de setembro**
 - Inicio de actividades de medición de temperaturas e ph das augas mariñas de Rianxo
 - Participación no proxecto [IBERARENUM](#), CIM Universidade de Vigo
3. Participación na [VII Mostra de cine documental Mares da fin do mundo](#). **31 de outubro**
4. Polos Mariñeiros, actividades fin de avaliación, **20 de decembro**
5. Formación de profesorado en recursos de Polos Creativos Decembro – abril
 - Impresora 3D con Lorenzo Abalde, Javier **10 de decembro**
 - Radio Polos Creativos con Alonso Lorenzo, Damián **14 de xaneiro**
 - Plotter con Cruces Guisande, José Ángel **23 de xaneiro**
 - IA (para todo o profesorado) con Rey Calo, Óscar M. e Paulos Lareo, Fina **11 de marzo e 8 de abril**
6. Semana **Letras a Mares**, o proxecto Probleu e Día das Letras Galegas **12 ao 16 de Maio**
7. Colaboración co proxecto Probleu Let's Save the Island co IES Bendinat xunto coas Escolas La Montagne (Illa da Reunión, Francia) e a Escola Básica e Secundaria Santa Maria (Illas Azores, Portugal) **15, 19 e 30 de Maio**

4. Actividades:

O conxunto de propostas, actividades e materiais están compartidas no espazo do proxecto na [plataforma Agueiro](#)

1. Actividades de formación: leváronse a cabo formacións a través do programa de Pfpp así como intervencións de institucións externas como as dos técnicos do CIM da Universidade de Vigo para o muestreo de areiais de Rianxo.

- Toma de mostras de area para o proxecto IBERARENUM con persoal técnico do CIM, **23 de setembro**
- S2406039 PFPP S2431024 Os Polos creativos melloran a cultura STEM do centro
 - Impresora 3D con Lorenzo Abalde, Javier **10 de decembro**
 - Radio Polos Creativos con Alonso Lorenzo, Damián **14 de xaneiro**
 - Plotter con Cruces Guisande, José Ángel **23 de xaneiro**
- S2406038 PFPP S2431024 A Intelixencia artificial aplicada ao ensino
 - IA (para todo o profesorado) con Rey Calo, Óscar M. e Paulos Lareo, Fina **11 de marzo e 8 de abril**

2. Toma de mostras de T°C e ph das augas mariñas de Rianxo (3º ESO)

Medir a temperatura da auga é un proceso crucial en diversos campos, dende a industria ata a ciencia e a vida cotiá. Coñecer a temperatura da auga é esencial para garantir a seguridade para o consumo humano, controlar os procesos industriais, vixiar o medio ambiente e avaliar a saúde dos ecosistemas acuáticos.

- Fervidoiro na praia I, 23 de setembro, toma de mostras nas praias de O Porrón, Tanxil e A Torre
- Saída a Ferrol 1 de abril, toma de mostras na praia de Doniños
- Fervidoiro na praia II, 14 de maio, toma de mostras nas praias de Tanxil e A Torre, dentro das actividades da semana Letras a Mares.

- Rexistro de evolución da temperatura da auga: Neste proxecto, medimos a temperatura da auga do mar na ría onde se atopa Rianxo. O obxectivo é relacionar a temperatura cos usos que se lle poden dar ao mar e identificar os posibles problemas de contaminación e os seus efectos. Realizouse un estudo do lugar; recollida de datos e análise dos mesmos; levouse tamén a cabo un proceso de creación de prototipos con material reciclado

3. Actividades con participación externa

- Quero ser científica: A investigadora **Marta Conde Sieira** asistiu ao IES Félix Muriel a falar co alumnado sobre o libro [Quero ser investigadora 4](#) da UVigo no apartado adicado á súa carreira investigadora, intentando transmitir que é posible adicarse á Ciencia (indicando os pasos que hai que seguir para acadalo). Despois, faloulles sobre a súa liña investigadora (**Fisioloxía de peixes e a súa aplicación á acuicultura**)
- IBERARENUM: o alumnado da ESO, especialmente de 3º, do IES Félix Muriel foi o [primeiro centro educativo](#) en participar do proxecto liderado polo CIM da Universidade de Vigo baseado na análise de sedimentos de area das praias de Galicia e España para o que se fixeron mostras dos areiais de Rianxo nas praias de O Porrón, Tanxil e A Torre e tamén da praia de Doniños aproveitando a saída didáctica a Ferrol do alumnado de 3º ESO.
- Epixenética: O martes 20 a doutora, bióloga e científica **Ana Belén Crujeiras Martínez**, líder do equipo E041 - Epixenómica en Endocrinoloxía e Nutrición do IDIS (Instituto de investigación Sanitaria de Santiago de Compostela) aprendeunos

aspectos básicos da epixenética, amosou o traballo que xunto co seu equipo está a desenvolver e espertou o espírito científico do alumnado mediante unha experimentación en aula de rastrexo e mostra de ADN.

- Mares da Fin do Mundo e obradoiros audiovisuais. O alumnado en colaboración con Normalización, participou de xeito directo na [VII Mostra de cine documental Mares da Fin do Mundo](#) celebrada o pasado outono en Ribeira. Na semana Letras a Mares, Marcos Gallego director da mostra participou do coloquio logo da proxección de 3 filmes con alumnado de diferentes niveis (3º, 4º de ESO e 1º de Bach) ao tempo que desenvolveu [obradoiros audiovisuais](#) con dispositivos móbiles con alumnado de 1º e 2º da ESO.
- Obradoiros de cociña: **Do bote ao mar e do mar á boca - Obradoiro de tapas** Na **semana das Letras a Mares**, damos cabida ao mundo da alimentación e da cociña. Nesta actividade, alumnado do noso centro coñecerá e experimentará a través da alimentación e a importancia da dieta atlántica. No noso #Fervedoiro do proxecto [Probleu](#) estamos a analizar as consecuencias da subida da temperatura das augas dos mares e como estas repercuten directamente sobre o modo de vida de Rianxo e a súa xente. Nesta proposta realizamos un concurso de cociña para o cal o alumnado de 1º de ESO (caza e pesca na Prehistoria e no Mundo Antigo) de 3º (a industrialización e a conserva de alimentos) e de 1º de Bacharelato (comercialización e negocio) fará unha breve introdución á captura, transformación e comercialización dos produtos do mar, por iso falamos de "Do bote ao mar, e do mar á boca". Un concurso de tapas primitivas e de tapas para un kit de resistencia (feito con conservas como elemento fundamental) na xornada do mércores 14 de maio, deu paso a un obradoiro de cociña co equipo do chef [Miguel Mosteiro](#), de [Gastrolab Arousa](#), nesta

xornada do venres 16 de maio encabezado por [Alberto Carou](#). Esta iniciativa foi un traballo transversal a través de diferentes departamentos e niveis educativos (FP, Lingua e Literatura Galega e Xeografía e Historia) Poñer en valor o patrimonio culinario máis recente e tamén o máis afastado no tempo así como tamén os produtos de noso da ría e os de proximidade.

- Obradoiros de xabón. Dentro da Semana Letras a Mares e o noso proxecto #Fervedoiro e ProBleu tamén apostamos pola diversidade, unha das señas de identidade do noso centro, tal e como se corrovora cada curso ca celebración da [Semana da Diversidade](#). Durante a Semana Letras a Mares traballamos xunto ca increíble tropa da [Asociación Ámbar](#) nun obradoiro de xabóns "mariñeiros". O noso alumnado de 1º e 2º de ESO aprendeu da man dos integrantes de Ámbar a crear xabóns con referencias ao mundo mariño.

4. Experiencias con outros centros

- Intercambio Xinzo. No curso 2023-2024 á espera de poder iniciar o proxecto Probleu do centro o noso alumnado de 2º ESO participou en dúas xornadas de convivencia con alumnado do IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia, a través do seu proxecto Probleu: “[Creación dunha área de refuxio bioinclusiva azul](#)”. Ditas xornadas terían lugar nas respectivas localidades de cada centro entre os meses de maio e xuño.
- O alumnado de 3º de ESO sumouse á iniciativa Let's save de Islands declaración do 19 Maio Día internacional das illas desenvolvido polos centros IES Bendinat xunto coas Escolas La Montagne (Illa da Reunión, Francia) e a Escola Básica e Secundaria Santa Maria (Illas Azores, Portugal) na defensa da [Declaración do 19 de Maio como Día Internacional das Illas](#) por parte das Nacións Unidas.

- [Etwinning Correntes Atlánticas](#): Neste segundo trimestre de curso xurdiu a oportunidade de dar inicio a un proxecto Etwinning entre o noso centro e dous centros estranxeiros: Agrupamento de escolas Henriques Nogueira de Torres Vedras, Portugal; e Escola Portuguesa de Cabo Verde, Praia, Cabo Verde. O proxecto iniciado ten por nome [Atlantic Currents](#) (Correntes Atlánticas) onde tres centro de ensino compartirán a súa relación co Atlántico: cultura, alimentación, economía, protección da natureza... Participa polo noso centro alumnado de ámbito socio lingüístico de 1º ESO
- Rede galega de escolas azuis: O IES Félix Muriel participou o pasado **10 de abril** na presentación da [rede galega de Escolas Azuis](#) organizado polo CEIP Ría de Vigo. Nela participaron e colaboraron entidades de diferente tipo co fin de tecer toda una rede asociada a alfabetización oceánica.

5. Saídas didácticas

- Saída didáctica a Ferrol. Xincana nos barrios da Magdalena e Canido, visita ao Museo da Construcción Naval ([Exponav](#)) e ao [Museo de Historia Natural](#). Xantar e medicións na praia de Doniños. Alumnado de 3º ESO
- Fervedoiro na Praia I (European beach clean up) e II. Saída e actividades nos areais de Rianxo
- Visita á illa de Cortegada dentro do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. Alumnado de 3º ESO
- Visita e participación no VII Certame Mares da fin do mundo Ribeira. Alumnado de Normalización (3º e 4º de ESO e 1º Bac).
- Visita ao Espazo Museístico da Carpintería de Ribeira Asteleiro de Ciprián, Outes, e saída ao mar no [Joaquín Vieta](#). Alumnado de 2º ESO.

6. Realidade Virtual

- Polos Mariñeiros 20 decembro: Dentro das actividades de peche de trimestre desenvolvemos no centro toda unha serie de actividades nas que tamén o proxecto ProBleu e a alfabetización oceánica tivo o seu espazo. Desta forma na aula Polos Creativos levouse a cabo o obradoiro **Polos mariñeiros**. Competición e xogo por equipos a través de retos creativos con pezas xeométricas, cortadora láser e lentes VR.
- Acuario – Galiverso – Cortegada 360 – Illas Atlánticas (youtube). Acompañando unha instalación artística feita con libros reciclados e o Acuario de vidros reciclados o alumnado presentamos unha experiencia inmersiva con lentes VR a través das proxeccións de realidade virtual do [Galiverso Somexido](#) e unha ruta pola Illa de Cortegada.

7. Actividades multidisciplinares e de aula

- Minuto azul: Creación dun pequeno dicionario cooperativo en formato audiovisual relacionado co mar que se enmarca no proxecto ProBlue do noso centro e xestionado por alumnado de Normalización en colaboración cas materias de Lingua Galega e Xeografía e Historia. Cada persoa, a fin de afondar no proceso de alfabetización oceánica, elaborou dous vídeos correspondentes a dúas palabras relativas ao mar e ao mundo mariño.
- Análise de mexillóns. Dentro das propostas para a Semana Letras a Mares, o alumnado de 1º de ESO na materia de Bioloxía levou a cabo unha mostra de experimentación científica de laboratorio con mexillóns.
- Libros artísticos: Como acompañamento se realizará unha instalación artística realizada polo alumnado de 3ºESO a partir dunha acción interdisciplinar entre as

materias de Educación plástica e visual, Lingua e Literatura Galega e Xeografía e Historia. Nela o alumnado creará obras nas que compaxinen material de refugallo (libros vellos que servirán de marco das obras), obras de arte (estilos Rococó, Neoclásico, Romanticismo ou Realismo) e literatura a través de microrrelatos, todo elo con temática relativa ao proxecto ProBleu e a alfabetización oceánica

- Código xenético: **Obradoiro científico 1: código xenético**. Luns 12 de maio Alumnado de 1º Bach e 3º ESO Alumnado de Fis e Quí e Matemáticas de 1º de Bach presenta e aprende ao noso alumnado de 3º ESO sobre xenética a través do coñecemento da cadea de ADN. Neste obradoiro o alumnado elaborará cadeas de ADN con pezas de montaxe de Polos Creativos e unha versión máis doce con gominolas! **Obradoiro ESTRUCTURA DA MATERIA**. Onde se lle falará ao alumnado sobre as partículas subatómicas (protón, neutrón e electrón) e os quarks. Usando o Kit singular de Polos Creativos “A materia peza a peza” proporáselle ao alumnado de 3º que constrúan átomos e moléculas.
- Acuario: proxecto transversal onde se mestura deseño, arte, tecnoloxía e alfabetización oceánica a través da creación dun acuario con fauna mariña de vidro reciclado (obtido entre outras na xornada de limpeza de areais do 23 de setembro) Completa o acuario o deseño de lámpadas de fauna mariña e xoiería de temática mariñeira creadas con vidro reciclado. Acompaña unha instalación artística feita con libros reciclados e as proxeccións de realidade virtual do [Galiverso Somerxido](#) e unha ruta pola Illa de Cortegada.
- Entroido 2025: Este ano, o IES Félix Muriel escolleu traballar o entroido baseándose nunha temática que permitise a organización e celebración do traxe tradicional e da

comparsa no centro co proxecto de alfabetización mariñeira que se está a desenvolver no proxecto Probleu xunto coa figura de Castelao, tendo en conta que estamos neste ano segundo declarou a Xunta de Galicia en decembro de 2024. Deste xeito, a temática do entroido sería Cousas do mar. O alumnado tivo que inspirarse en temas mariños para o deseño dos traxes e as letras da comparsa, mentres que tiña que presentar un cartel coa temática escollida inspirado na obra Cousas de Castelao. No concurso participou alumnado de todos os niveis, desde primeiro ata 4º de ESO, pasando por bacharelato e ciclos. Para o concurso creamos unha rúbrica para facilitar o traballo creativo por parte dos equipos de aula, así como do xurado.

- [IA e #Fervedoiro ProBleu](#): traballos do alumnado de 3º ESO do IES Félix Muriel. Revistas "científicas" con AI: riscos da subida das temperaturas mariñas. Reflexión das aprendizaxes con AI. Proxecto #Fervedoiro_ProBleu.

8. Semana Letras a Mares: Tal e como se recollía nunha das propostas do proxecto Probleu o centro levou a cabo a celebración dunhas xornadas de actividades asociadas ao mesmo. Neste caso optouse por conxugar o proxecto Probleu Fervedoiro co Día das Letras Galegas dando cabida a accións conxuntas de ciencia, cultura e letras galegas. Deste modo xurdiu Letras a Mares que se convertiu na nosa semana grande onde converxeron actividades e propostas didácticas de diferente índole:

- Experiencias científicas: código ADN e epixenética, disección de mexillóns no laboratorio; obradoiro de xabóns.
- Segunda xornada Fervedoiro na praia, nos areais de Tanxil e A Torre, onde se realizaron medicións das T°C e ph do mar, actividades nos areais, un obradoiros de

nós mariñeiros e outro de marisqueo a pé ademais dun obradoiro de [Realidade Virtual e ODS](#) ca concellería de Xuventude do Concello de Rianxo e o [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#).

- 19 de Maio Día internacional das Illas, lectura de manifesto e cadea humana
- Saída á illa de Cortegada dentro do Parque Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.
- Obradoiro de Regueifas co profesor Séchu Sende e alumnado do IES Marco Camballón de Vila de Cruces.
- **Do bote ao mar e do mar á boca - Obradoiro de tapas.** Na **semana das Letras a Mares**, damos cabida ao mundo da alimentación e da cociña. Nesta actividade, alumnado do noso centro coñecerá e experimentará a través da alimentación e a importancia da dieta atlántica. Como sabedes, no noso #Fervedoiro do proxecto ProBleu estamos a analizar as consecuencias da subida da temperatura das augas dos mares e como estas repercuten directamente sobre o modo de vida de Rianxo e a súa xente. Nesta proposta realizamos un concurso de cociña para o cal o alumnado de 1º de ESO (caza e pesca na Prehistoria e no Mundo Antigo) de 3º (a industrialización e a conserva de alimentos) e de 1º de Bacharelato (comercialización e negocio) fará unha breve introdución á captura, transformación e comercialización dos produtos do mar, por iso falamos de "Do bote ao mar, e do mar á boca". Un concurso de tapas primitivas e de tapas para un kit de resistencia (feito con conservas como elemento fundamental) na xornada do mércores 14 de maio, deu paso a un obradoiro de cociña co equipo do chef [Miguel Mosteiro](#), de [Gastrolab Arousa](#), nesta xornada do venres 16 de maio encabezado por [Alberto Carou](#). Esta iniciativa foi un traballo transversal a través de diferentes departamentos e niveis educativos (FP, Lingua e Literatura Galega e Xeografía e Historia) Poñer en valor o patrimonio culinario máis recente e tamén o máis afastado no tempo así como tamén os produtos de noso da ría e os de proximidade.

- Coloquios de cine documental e obradoiro de creación audiovisual
- Mesa redonda. “Declaración de Impacto Ambiental”.
- Exposicións: Aves mariñas e Exposición Letras Galegas
- Presentación Letras Galegas 2025 nas aulas por parte de alumnado de 4º ESO e 1º Bac.
- Xincana Mar e Arte de localización de expresións e intervencións de arte asociadas ao mar e ás letras galegas.
- Pechamos a semana ca III entrega dos premios do [Certame Cousas](#).

9. Aula Muriel Xoga

- No presente curso abriuse este novo espazo para xogos de mesa, cartas, retos matemáticos, cubos de rúbik que amosou un notable dinamismo durante todos os recreos do curso.
- O 20 de decembro levouse a cabo unha xornada de experiencia con videoxogos na aula de Polos cunha mostra de videoxogos dos 80's aos 2020's con vídeoconsolas como a Atari, a SEGA Megadrive, as PS2, PS3 ou a Wii e PS4.

10. Outras actividades e colaboracións: ademais das actividade propias programadas a través de Polos Creativos e o proxecto Probleu fixéronse tamén outras actividades e colaboracións entre as que destacamos:

- Alfabeto 25N contra a violencia contras as mulleres con cortadora láser
- Carteis de Entroido e reportaxes das xornada con cortadora láser
- Orlas de graduación 2º bac e 4º ESO con cámara Canon no Estudo Polos Audiovisuais

- Chaveiros premios torneo de xadrez con impresora 3D
- Chapas proxecto Probleu, Normalización e Biblioteca con máquina de chapas
- Medios e material audiovisual e de radio para proxeccións, intervencións externas no centro, entrevistas a autoras
- Aula polos para reunións e formacións no centro
- Robots para o Programa Aventuras DigiCraft 2025

5. Avaliación:

As actividades avaliadas foron as que estiveron asociadas ao proxecto Probleu as cales se integraron nas programacións didácticas de materias como: Bioloxía, Educación Plástica e Visual, Ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia, Física e Química, Lingua Galega e literatura, Matemáticas, Tecnoloxía ou Xeografía e Historia.

En accións como a semana Letras a Mares, a información trasladada dende o claustro foi bastante desigual. Se por unha parte houbo consideracións nas que se entedían como excesivas as actividades propostas e que con estas se restaba peso ao Día das Letras Galegas, houbo outras que apoiaron manter unha semana de actividades como esta na que se conxuguen experiencias dende diferentes áreas de coñecemento e aprendizaxe pero mantendo o marco común das Letras Galegas.

Realizáronse [enquisas de valoración](#) do proxecto Probleu, se ben a [participación](#) foi baixa.

6- Repercusión fóra do centro:

As actividades promovidas polos Polos Creativos tiveron tamén a súa repercusión nos medios tradicionais como nos dixitais e nas redes sociais. Neste sentido [X \(Twitter\)](#), [Instagram](#) e [Facebook](#) foron as redes difusoras destas actividades mentres que a plataforma

Agueiro é o espazo de referencia onde están publicadas as accións desenvolvidas nos diferentes proxectos

1. Proxecto Probleu

<https://probleu.school/ies-felix-muriel/>

2. Letras a Mares: "El Félix Muriel clausura mañana su 'Letras a Mares', un homenaje a Castelao, la cultura y los mares"

"Esta celebración se enmarca en el Proyecto Europeo Probleu y en la Semana das Letras Galegas".

[Fátima Pérez](#) 14 de mayo de 2025, 21:11

<https://www.diariodearousa.com/articulo/o-barbanza/felix-muriel-clausura-manana-letras-mares-homenaje-castelao-cultura-mares-5290978>

3. Rede galega de Escolas Azuis:

Universidade e Vigo

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/cim-lidera-creacion-rede-galega-escolas-azuis-implicar-os-centros-educativos-alfabetizacion-oceanica>

CIM

<https://cim.uvigo.gal/es/2025/04/o-cim-lidera-a-creacion-da-rede-galega-de-escolas-azuis-para-implicar-a-mais-centros-educativos-nun-programa-europeo-de-alfabetizacion-oceanica/>

Porto de Vigo

<https://www.facebook.com/PuertoVigo/posts/-la-semana-pasada-participamos-en-la-presentaci%C3%B3n-de-la-rede-galega-de-escolas-a/983355757215793/>

4. Mares Da Fin Do Mundo: https://www.facebook.com/MaresDaFinDoMundo/?locale=es_ES

VII Mostra de cine documental Mares da Fin do Mundo: <https://www.youtube.com/watch?v=v3i7Znxmwsc>

5. IBERARENUM

Estudiantes del IES Félix Muriel dan inicio al Banco Nacional de Arena de Playa del proyecto Iberarenum <https://iberarenum.es/estudiantes-del-ies-felix-muriel-dan-inicio-al-banco-nacional-de-arenas-de-playa-del-proyecto-iberarenum/>

6. Os “ODS son glociais” _Concello de Rianxo e Fondo Galego de Solidariedade
https://www.facebook.com/FondoGalego/posts/1006289381626238?ref=embed_post
Fondo galego de cooperación e solidariedade
<https://fondogalego.gal/un-percorrido-virtual-conecta-os-obxectivos-de-desenvolvemento-sostible-coa-realidade-local/>

Diario de Arousa
<https://www.diariodearousa.com/articulo/ulla-umia/valga-rianxo-unen-ods-glocales-exposicion-virtual-sostenible-5251913>

7- Conclusións:

Valoración conxunta do equipo Polos Creativos

Actividades de continuidade previstas dende os espazos Polos Creativos

- Acordo de colaboración ca asociación Amipa para a realización de cadernos “artesanais” mediante accións cconxuntas co alumnado.
- Actividades ao redor da rede europea e galega de escolas azuis
- Adecuar o espezo transversal Acuario
- Nova fase de creación deseños con material de reciclaxe
- Mellora dos recursos e propostas da Aula Muriel Xoga
- Formación nos recursos de Polos Creativos como no manexo de recursos de AI

8. Propostas de mellora:

- Melloras na planificación e no equilibrio das propostas durante o curso.
Seguir apostando por unha maior implicación por parte do profesorado así como polos diferentes departamentos didácticos.



- Mellora na motivación do profesorado e alumnado respecto da realización de proxectos multidisciplinares.
- Mellora dos recursos da Aula Muriel Xoga
- Favorecer estratexias que permitan que as propostas e proxectos promovidos dende Polos Creativos teña un maior impacto nas aprendizaxes do alumnado así como na repercusión dos seus resultados académicos.
- Seguir mellorando os espazos de Polos Creativos e buscar formas de atracción do alumnado a través de propostas de actividades durante o curso.
- Seguir promovendo a formación nos recursos de Polos Creativos como no manexo de recursos de AI.
- Mellora na comunicación co exterior a través de medios convencionais como de redes sociais.